



Ilmo Concello de
CAMBADOS
(Pontevedra)

por unanimidade dos membros presentes (16), en consecuencia queda ratificada a inclusión do punto na orde do día.

1.- APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA MUNICIPAL DA VENDA AMBULANTE OU NON SEDENTARIA DO CONCELLO DE CAMBADOS.

Procede o secretario á lectura do dictame que é o seguinte:

"A Comisión Informativa Permanente de Facenda e Patrimonio, en sesión extraordinaria celebrada o 24 de novembro de 2016, emitiu ao amparo do previsto no artigo 126 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e 65 do Regulamento orgánico municipal o seguinte dictame que ten carácter preceptivo e non vinculante:

APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA MUNICIPAL DA VENDA AMBULANTE OU NON SEDENTARIA DO CONCELLO DE CAMBADOS.

Intervén o Secretario quen manifesta que a proposta de acordo foi informada favorablemente pola mesa local do comercio de cambados e da lectura en estrato dos artigos que se van a modificar.

Sometida a proposta a votación esta é aprobada por unanimidade. En consecuencia queda dictaminada favorablemente a proposta do Concelleiro de Economía, Facenda, Industria, Promoción Económica e Comercio que é a seguinte:

Redactada a proposta da modificación da Ordenanza Municipal de Venda Ambulante ou non sedentaria do Concello de Cambados e informada favorablemente pola Mesa Local do Comercio de Cambados é polo que propoño á Comisión Informativa permanente de Economía e Patrimonio dictamine en sentido favorable a modificación e eleve ao pleno a seguinte proposta:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza Municipal de Venda Ambulante ou non sedentaria do Concello de Cambados segundo a redacción dada polo Concelleiro de Economía, Facenda, Industria, Promoción Económica e Comercio.

Segundo.- Abrir un período de información pública por espazo de 30 días hábiles mediante a súa publicación no Boletín Oficial da Provincial, e darlle audiencia ás asociacións comerciais e consumidoras inscritas no Rexistro Municipal polo prazo de 30 días para a presentación de reclamacións e suxerencias.

Terceiro.- Rematado o período de información pública, o Pleno, nun acto unitario, debe resolver as reclamacións e proceder á súa aprobación definitiva. No caso de que non se presentase ningunha reclamación ou suxerencia, entenderáse definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.



**Ilmo Concello de
CAMBADOS
(Pontevedra)**

Cuarto.- Publicación e entrada en vigor: Dacordo co disposto no artigo 70.2 da lei 7/195, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local a modificación non entrará en vigor ata que se publique íntegramente o texto da modificación no BOPPO e transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985 (15 días hábiles a partires da recepción do acordo por parte da Administración do Estado e da Comunidade Autónoma).”.

Intervén o Sr. Chalín Trigo quen expón que a Ordenanza de Venda Ambulante foi aprobada definitivamente o 26 de febreiro de 2016 e que coa aplicación da mesma vironse unha serie de deficiencias e demandas dos comerciantes de ahí a modificación que se trae a pleno. Expón que o Pleno da Corporación, en sesión celebrada o día 26.11.2015, acordou aprobar inicialmente da Ordenanza Municipal de venda ambulante ou non sedentaria do Concello de Cambados, exposto ó público o expediente, e non téndose presentado contra o mesmo reclamación ou alegación algunha, elevouse a definitivo o acordo ata entón provisional, publicándose o seu texto íntegro, para xeral coñecemento no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra de data 22 de Febreiro de 2016.

Esta norma foi aplicada no mercado por parte do Concello de Cambados trala presentación por parte dos ambulantes que xa tiñan autorización para a venda en Cambados da documentación requirida, e entregándose un total de 196 tarxetas acreditativas de dispor da licenza de venda ambulante ou non sedentaria no Concello de Cambados.

Esta nova ordenanza nace da demanda do propio sector, que se puxo en contacto co concello de Cambados e reclamou a implantación dunha nova ordenanza, adaptada a lexislación vixente e que rematara co intrusismo e falta de control existente no mercado. Así como tamén se lle pediu o concello que intensificara o control do mercado para que a nova ordenanza se aplicara, xa que de nada vale facer unha nova ordenanza que regule o mercado ambulante do concello de Cambados, se non ven acompañada dun seguimento e control do cumprimento da mesma por parte do concello, seguimento que se veu efectuando o longo destas semanas unha vez que foron entregadas as autorizacións para a venda e que teñen que mostrar os vendedores ambulantes nos seus postos de venda.

A inspección levada a cabo durante varias semanas no Mercado de Cambados serviu para poñer enriba da mesa algunhas das obrigas e esixencias que os vendedores ambulantes deben cumprir. Agora que os seus deberes quedaron ben claros, os ambulantes queren que a Concellería de Promoción Económica tamén cumpra coas súas responsabilidades, resolvendo as diversas solicitudes propostas por este colectivo e que foron debatidas pola mesa de comercio local, antes de ser presentada este acordo de goberno no Pleno municipal.

Algunhas destas eivas xa foron transmitidas en persoa ao concelleiro responsable da area, se ben todas elas dependen directamente das competencias que ten o concelleiro Xurxo Charlín estas foron debatidas na mesa de comercio local. Motivo polo que, o Concello vai levar a debate as propostas dos ambulantes para modificar a ordenanza de mercados en varios puntos.



**Ilmo Concello de
CAMBADOS
(Pontevedra)**

Intervén o Sr. Aragunde Aragunde quen anuncia o voto favorable do seu grupo e que xa votaron a favor na mesa local de comercio.

Sometida a proposta a votación esta é apreciada por unanimidade (16). En consecuencia queda aprobada inicialmente a modificación da Ordenanza Municipal de Venda Ambulante ou non Sedentaria do Concello de Cambados sendo o texto obxecto da modificación o seguinte:

"Artigo 3.—Réxime de autorización

1.—Corresponde ao Concello de Cambados determinar a zona de localización para o exercicio da venda ambulante ou non sedentaria, fóra da cal non se poderá exercer a actividade comercial. Os postos de venda ambulante ou non sedentaria non se poderán situar nos accesos a edificios de uso público, establecementos comerciais e industriais, nin en lugares que dificulten o acceso e a circulación. Os postos de venda instalados en beirarrúas ou vías públicas que vulneren o establecido no apartado anterior, serán retirados por persoal municipal, previa Resolución da Alcaldía.

2.—Para cada localización concreta e por cada unha das modalidades de venda ambulante ou non sedentaria que o comerciante se propoña exercer, deberá solicitar unha licenza, que será outorgada polo concello. Esta licenza dará dereito a un só posto de venda e só poderá solicitarse unha por cada epígrafe da CNAE que determina suxeición ao IAE.

3.—Tendo as licenzas a consideración de seren outorgadas sen prexuízo de terceiro e con natureza precaria, o exercicio de calquera actividade ou comercio na vía pública sen licenza municipal, ou sen axustarse a ela, dará lugar á retirada inmediata das instalacións, elementos e xéneros neles situados. No caso do parágrafo anterior, os interesados poderán recuperar os elementos retirados previo abono do importe dos custes de procedemento de custodia e almacenamento das mercadorías retidas. Os/as comerciantes terán a vista na parte frontal superior e perfectamente visible a licenza municipal, polo que presumirase que tal licenza non existe de non presentar a mesma no momento de ser esixida polos axentes municipais.

4.-EXCLUSIÓNS

De conformidade con canto se establece polo Artigo 2.4 do Decreto 194/2001, de 26 de xullo non terá consideración de venda ambulante:

-Actividades comerciais reguladas pola Lei 1/1996, de 5 de marzo, de actividades feriais de Galicia e as súas normas de desenvolvemento.

-Venda directa exercida polos agricultores do termo municipal ou nos termos limítrofes, limitada á súa propia produción. Venda de obxectos artesanais realizados polos propios produtores, con motivo de festas, feiras ou acontecementos populares.



Ilmo Concello de
CAMBADOS
(Pontevedra)

-Venda puramente ocasional de xornais, plantas e flores, así como de obxectos usados de pertenza particular do vendedor.

-Tampouco teñen a consideración de venda ambulante a venda a distancia nin a venda automática mediante máquinas preparadas ó efecto.

Non obstante ó exposto os agricultores e artesáns que realicen este tipo de venda utilizando as vías públicas están suxeitos ás normas de funcionamento establecidas na presente ordenanza así como as obrigas que se indican no capítulo V así como, no seu caso, ó réxime de infraccións e sancións do capítulo VII.

Outro dos puntos a tratar vai ser a modificación do lugar que ocupan os vendedores ambulantes en caso de que por inclemencias meteorolóxicas non están tódolos vendedores ambulantes no mercado, e que no caso de que existan ocos libres, estes poidan agruparse nunha zona, sempre e cando teñan a autorización previa do funcionario encargado do mercado para instalarse fora da zona autorizada, polo que se propón a modificación o artigo 16 da ordenanza en referencia os Dereitos dos titulares da autorización, no seu apartado b) Con relación aos postos, nos termos que se transcriben a continuación:

Artigo 16. Obrigas das persoas autorizadas

A autorización municipal implica as seguintes obrigas ao seu titular:

... b) Con relación aos postos:

1. Non se poderá ocupar un espazo superior ao da superficie autorizada. **En caso de que existan postos do mercado libres o non ser ocupados nese día de mercado polos vendedores titulares deses postos do mercado ambulante autorizados para a venda, sempre e cando teñan a autorización previa do funcionario encargado do mercado, os titulares autorizados doutros postos poderán ocupar esas zonas libres no mercado e instalarse fora da súa zona autorizada que lle corresponde, ocupando só no día de mercado que se lle deu autorización o posto que quedou sen instalar nese día de Mercado, co fin de que os vendedores están agrupados nunha única zona e non se atopen postos de venda illados no Mercado.**

2. Deberán de conservarse os postos, así como a superficie ocupada en perfecto estado de limpeza. Para o exercicio do comercio ambulante será necesario o uso de instalacións desmontábeis ou transportábeis así como dende os vehículos, incluídos os vehículos-tenda. Os vendedores están obrigados a manter limpo e nas debidas condicións, durante toda a celebración do mercadillo o espazo que lles fora asignado. Os refugallos e embalaxes, debidamente atados serán depositados nos colectores correspondentes.

3. O espazo ocupado deberá de quedar, tras a retirada do posto, libre de lixos.

4. Prohíbese o emprego de anclaxes ou elementos que danen o pavimento ou superficie sobre a que se coloquen os postos.



Ilmo Concello de
CAMBADOS
(Pontevedra)

O presente acordo entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse a partir da súa publicación, permanecendo en vigor ata que se acorde a súa modificación ou derogación”.

Intervén a Sra. Alcaldesa dicindo que tendo en conta que as comisións informativas se celebraron, hoxe 24 de novembro, procédese á ratificación da inclusión do asunto na orde do día, acordo que require de maioría simple, sometida a ratificación da inclusión na orde do día a votación acádase o seguinte resultado:

Votos a favor: 13 (Membros dos grupos municipais do PP, P.S.deG.-PSOE, Participación Democrática Directa de Galicia/Somos Cambados e grupo mixto)

Abstencións 3 (Membros do grupo municipal do BNG). En consecuencia queda incluída na orde do día a proposta do concelleiro de enoturismo, urbanismo, servizos e obras, para a creación dunha comisión organizadora dos eventos relativos ao nomeamento de cambados como cidade europea do viño 2017.

2º.- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DE ENOTURISMO, URBANISMO, SERVIZOS E OBRAS, PARA A CREACIÓN DUNHA COMISIÓN ORGANIZADORA DOS EVENTOS RELATIVOS AO NOMEAMENTO DE CAMBADOS COMO CIDADE EUROPEA DO VIÑO 2017.

Procede o secretario á lectura do ditame que é o seguinte:

“A Comisión Informativa Permanente de Turismo, en sesión extraordinaria celebrada o 24 de novembro de 2016, emitiu ao amparo do previsto no artigo 126 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e 65 do Regulamento orgánico municipal o seguinte ditame que ten carácter preceptivo e non vinculante:

PROPOSTA DO CONCELLEIRO DE ENOTURISMO, URBANISMO, SERVIZOS E OBRAS, PARA A CREACIÓN DUNHA COMISIÓN ORGANIZADORA DOS EVENTOS RELATIVOS AO NOMEAMENTO DE CAMBADOS COMO CIDADE EUROPEA DO VIÑO 2017.

Intervén o Sr. Abal Varela quen dí que o proxecto se presentou con urxencia a RECEVIN, que son 80 actividades a desenvolver, que nun medio se lle preguntou cando se conseguiu a distinción se se ía a crear unha comisión e que respostou que en principio a creía innecesaria, quer posteriormente e vista a envergadura do proxecto estendía que a creación dun ente que axudase a desenvolver as actividades lle pareceu o máis axeitado, amén de contar nunha comisión con administracións públicas para a tratar de xeito directo o financiamento, que para levar a cabo esta iniciativa considera necesario crear unha comisión organizadora ou grupo de traballo, que a definición da mesma non é o importante, que estas comisións existiron noutros concellos como Madrid, Liria así como en municipios galegos, que entende ademáis que compre a participación non só das administracións públicas senón doutros entes vinculados co sector, que no total das 80 actividades están implicadas a Xunta de Galicia, Mancomunidade, D.. Orixe Rías Baixas e nunha o Capítulo Serenísimos, que isto pode servir para xestionar de xeito máis eficiente e que tamén vai vinculado á aportación de recursos. Prosegue